

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **Modificación das bases de selección para a presentación das ofertas de emprego**

#### ANTECEDENTES

O día 28/08/2020 aprobei mediante a Resolución da Alcaldía núm. 521/2020 as bases de selección para o persoal do equipo directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado traballador do Obradoiro de emprego para persoas mozas "CARNERO VALENZUELA II".

#### FUNDAMENTACIÓN

No momento de realizar as ofertas de emprego para presentar no Servizo Público de Emprego de Galicia, atopamos que a información incluída nas bases aprobadas non é suficiente para que no dito servizo poidan realizar as sondaxes ao non recoller aspectos como o ámbito da realización da sondaxe, as datas da selección ou a titulación requirida para a persoa docente da especialidade.

Así considero necesario completar o recollido nas bases inicialmente aprobadas coa indicación dos aspectos antes sinalados.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

#### PRIMEIRO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "4.- *Procedemento de persoal directivo, docente e administrativo de apoio*":

Onde di:

"Convocatoria: ...

Requisitos:"

Debe dicir:

"Convocatoria: ...

Localidade: o ámbito da busca para este persoal será o Concello de Rianxo; no caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliaríase aos concellos limítrofes, ao ámbito da Oficina de Emprego, á provincia e á comunidade autónoma.

Requisitos:"

## SEGUNDO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do ANEXO I\_ESPECIFICACIONES PARA CADA POSTO para o posto de "Mestre-a da especialidade":

Onde di:

"- Nivel académico: o establecido no RD 1531/2011, de 31 de outubro, modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto que regula o certificado de profesionalidade de Confección e publicación de páxinas web."

Debe dicir:

"- Nivel académico: Técnico-a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web // Técnico-a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma // Enxeñeiro-a Técnico-a en Informática // Enxeñeiro-a en Informática // Grao en Enxeñaría Informática"

## TERCEIRO

Presentar na Oficina de Emprego de Boiro as ofertas de emprego do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e alumnado traballador o día 11/09/2020.

## CUARTO

O grupo de traballo xa nomeado para a realización deste proceso será quen de determinar as cuestións que sexan necesarias para o correcto funcionamento deste e decidirá sobre aqueles aspectos que sexan precisos na relación co Servizo Público de emprego de Galicia para a consecución dos obxectivos do proceso como poden ser o establecemento das datas de realización das sondaxes, realizacións das entrevistas e presentación da documentación xustificativa dos méritos, ...

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Vicenta Avelina Campaña Martínez, como secretaria accidental, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).